



## XUNTANZA DE ALCALDES E ALCALDESA DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA

### ORDE DO DÍA:

- A. DESENVOLVEMENTO DOS ACORDOS DA XUNTANZA DE ALCALDES E ALCALDESA DOS CONCELLOS DA ÁREA METROPOLITANA REALIZADA O 11 DE MARZO DE 2016: CONSTITUCIÓN DE MESAS E GRUPOS DE TRABALLO.
- B. PROPOSTA DE ELABORACIÓN DO PROXECTO DE ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE E INTEGRADO DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA.

Pazo de Mariñán. Concello de Bergondo

21 de abril de 2016



**A. DESENVOLVEMENTO DOS ACORDOS DA XUNTANZA DE ALCALDES E ALCALDESA DOS CONCELLOS DA ÁREA METROPOLITANA REALIZADA O 11 DE MARZO DE 2016.**

**DOCUMENTO 1. DESEÑO DUNHA ESTRATEXIA METROPOLITANA**

▪ **POSICIONAMENTO:**

- Impulso político da Mesa de Alcaldes e Alcaldesa do ámbito da Área Metropolitana cara á abordaxe de traballos conxuntos que afronten os retos máis relevantes da área metropolitana da Coruña.

▪ **OBXECTIVOS DE ACCIÓN MANCOMUNADA:**

- Definir a construción da estratexia metropolitana sobre a base da articulación de políticas públicas arredor de asuntos de gran transcendencia para a cidadanía da área metropolitana:
  - a. Recuperación ambiental e da biodiversidade da ría do Burgo e da bacía do río Mero.
  - b. Coordinación de actuacións de políticas de desenvolvemento territorial: coordinación no planeamento urbanístico e nos servizos de transporte e mobilidade.
  - c. Xestión de servizos: un enfoque metropolitano (especial fincapé na xestión de residuos urbanos e na xestión do ciclo integral da auga).
  - d. Estratexia de Innovación da Coruña Metropolitana.
  - e. Elaboración do proxecto da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrada da Área Metropolitana da Coruña.

▪ **PROPOSTA DE ACCIÓN COORDINADA:**

**1. Articulación dun instrumento de dirección política na definición estratéxica: A Mesa de Alcaldes/a.**

**2. Instrumentos de coordinación.**

- ▶ Formúlase a proposta de que o presidente do Consorcio das Mariñas e o alcalde da Coruña se conformen como Comisión de Dirección e Seguimento dos traballos encomendados ás Mesas de Traballo, realizando este labor en representación do conxunto de alcaldes e alcaldesa da área metropolitana da Coruña.
- ▶ Para dar soporte técnico e garantir o axeitado seguimento dos traballos encomendados ás Mesas de Traballo conformarase un “Equipo de Coordinación da Estratexia Metropolitana”, composto paritariamente por dous representantes designados polo Consorcio das Mariñas e dous polo Concello da Coruña.
  - Equipo de Coordinación da Estratexia Metropolitana.

**COMPOSICIÓN.**

ENTIDADE	Equipo Técnico de Coordinación da Estratexia Metropolitana
<b>A Coruña</b>	Iago Martínez Durán, xefe de Gabinete de Alcaldía José Manuel Peña Penabad, xefe de Servizo en Alcaldía
<b>Consorcio das Mariñas</b>	Pendente de designación

**3. Mesas de Traballo/Grupos de Traballo ad hoc.**

- ▶ Articular mesas de traballo estables que se configuren para desenvolver os obxectivos políticos acordados e establecidos nesta ou en sucesivas xuntanzas que se poidan realizar.



## DOCUMENTO 2. MESA DA RECUPERACIÓN AMBIENTAL E DA BIODIVERSIDADE DA RÍA DO BURGO E DA BACÍA DO RÍO MERO

### ▪ POSICIONAMENTO:

A ría do Burgo constitúe un patrimonio de interese xeral para a cidadanía dos municipios da ribeira polas múltiples funcións que desempeña:

- produtiva: marisqueo, turismo, gastronomía, etc.
- ecolóxica: zona húmida de importancia autonómica, en incipiente proceso de rexeneración natural e con presenza dun crecente número de especies, especialmente de aves, que incrementa a súa biodiversidade.
- social: uso e goce público das áreas ribeirás para o lecer, o deporte ou as actividades didácticas, culturais e divulgativas, entre outras.

Tamén se pon de manifesto a relevancia deste espazo e da bacía do río Mero polo seu efecto de corredor natural e vertebrador entre os concellos, conectando os diferentes espazos naturais de relevancia da contorna metropolitana, favorecendo a mobilidade sustentable e xerando unha grande área de espaxamento e de accesibilidade para o contacto coa natureza dos veciños e das veciñas.

Esta conectividade natural que proporciona a ría do Burgo, e toda a conca hidrográfica do río Mero, proporciona tamén opcións de mobilidade branda e alternativa que favorece a conexión entre todos os concellos, tanto os ribeiregos como os concellos de interior, directamente relacionados a través dos diversos percorridos fluviais que teñen na ría o seu punto de encontro.

Do mesmo xeito, destaca o potencial para a concepción e posta en marcha dunha Estratexia de Turismo Sustentable ou Ecoturismo, que teña na ría do Burgo e na bacía do río Mero os seus eixos vertebradores e de nexo común para os concellos integrantes, sempre compatible cos usos tradicionais que nestes espazos se viñan dando.

### ▪ OBXECTIVOS DE ACCIÓN MANCOMUNADA:

- Acompañar o proxecto de dragado dos lodos da ría previsto polo Ministerio de Fomento mediante a creación dun comité científico asesor que teña en conta a multifuncionalidade da ría e as debidas cautelas para a protección ambiental. Avaliación conxunta e, se é o caso, accións que haxa que tomar e seguimento do proxecto de dragado.

- ▶ Promover a rexeneración ecolóxica da ría para recuperar a multifuncionalidade do ecosistema –funcións produtiva, ecolóxica e social– a través da acción coordinada das diversas administracións e colectivos sociais.
- ▶ Mellorar a calidade das augas mediante a erradicación dos puntos de vertedura de augas residuais tanto á ría do Burgo como a bacía do río Mero e posterior restauración das zonas deterioradas.
- ▶ Favorecer un desenvolvemento urbanístico das ribeiras da ría que harmonice a conservación do patrimonio natural e cultural da área.
- ▶ Contribuír á conectividade da ría con outros espazos naturais da contorna e promover o turismo sostible nestes espazos.
- ▶ Avaliar a viabilidade dunha figura de protección (por ex.: Espazo Natural de Interese Local, Humidal Protexido, Reservas Naturais Fluviais etc.) que estableza as medidas preventivas necesarias para evitar novos episodios de degradación.
- ▶ Procurar vías de financiamento e investigación baseadas noutras experiencias nacionais e internacionais de éxito de posta en valor de espazos naturais, nomeadamente zonas húmidas.

▪ **PROPOSTA DE ACCIÓN COORDINADA (PLAN DE ACCIÓN):**

**Deseño e posta en marcha de accións en tres liñas de actuación**

**A) MELLORA AMBIENTAL**

- ▶ Optimización do saneamento de todos os concellos implicados: proposta de seguimento de todos os vertidos á ría do Burgo e á bacía do río Mero, dando prioridade a investimentos e mellora nas redes de saneamento de todos os concellos relacionados.
- ▶ Posta en marcha dun programa coordinado de mapeo e erradicación de especies invasoras nas ribeiras da ría do Burgo.
- ▶ Posicionamento común en relación co proxecto de dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo.

**B) CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR**

- ▶ Establecemento dunha figura de protección, recuperación ambiental e posta en valor da ría que contemple tanto medidas preventivas de novos episodios de degradación, como accións de promoción socioeconómica do espazo.



- ▶ Posta en valor da ría a través dun plan de conservación e dinamización da contorna ribeirá, promovendo o desenvolvemento de actividades produtivas que non comprometan a conservación dos valores naturais e culturais da ría.
- ▶ Solicitud de conxunta de medios á Administración autonómica e estatal para a recuperación e posta en valor da ría do Burgo, mais alá do previsto dragado.
- ▶ Establecer a conectividade peonil que fortaleza a ría como espazo de conexión natural e corredor verde entre os espazos naturais máis relevantes da área metropolitana comezando pola Coruña (ENIL Illas de San Pedro -en proceso-, Punta Herminia e Torre de Hércules como Patrimonio da Humanidade), Cambre e Abegondo (ZEC Encoro de Cecebre), Oleiros (Zec Costa de Dexo-Serantes) e posteriormente Arteixo (ZEC Costa da Morte) e a Costa Doce de Sada.
- ▶ Accións coordinadas de participación, educación e comunicación ambiental sobre os valores naturais da ría e os percorridos fluviais tanto para a comunidade educativa, poboación local como a visitantes destes espazos.

#### **c) PROMOCIÓN SOCIOECONÓMICA**

- ▶ Desenvolver unha estratexia de turismo sostible (Ecoturismo) conxunta coa ría do Burgo como punto de relevancia ornitolóxica e toda a bacía do río Mero como eixe vertebrador e de conectividade, potenciando os recursos educativos e interpretativos xa existentes.
- ▶ Incorporación do plan de transporte metropolitano e recuperación do transporte de proximidade do ferrocarril para o establecemento dunha vía de mobilidade branda que permita a conexión da cidade central coa súa área metropolitana.
- ▶ En relación aos proxectos das áreas de lecer e os percorridos peonís e ciclables, o deseño estará condicionado á especial localización xeográfica na que se insiren. Buscaranse solucións de baixo impacto que preserven os valores naturais da ría como valor preferente.
- ▶ Promoción do emprego ambiental, produción ecolóxica na Reserva da Biosfera e recoñecemento do marisqueo como motor fundamental do desenvolvemento da ría do Burgo.
- ▶ Captación de fondos e proxectos europeos.

#### **FITOS PRINCIPAIS E CALENDARIO:**

- ▶ Plan de eliminación de puntos de vertido. Decembro de 2017

- ▶ Mapeo de especies (vexetais e animais) invasoras nas ribeiras e áreas de influencia da ría do Burgo e bacía do río Mero. Marzo 2017
- ▶ Plan de erradicación de especies invasoras nas ribeiras e áreas de influencia da ría do Burgo. Xuño 2017 - decembro 2018
- ▶ Determinación da figura legal de protección e conservación da ría do Burgo e estudos técnicos preliminares. Febreiro 2017
- ▶ Plan de conservación e manexo. Marzo 2018
- ▶ Declaración de espazo protexido baixo a fórmula legal máis acaída. Marzo 2018
- ▶ Estratexia de Turismo Sostible Integrada. Decembro 2018
- ▶ Desenvolvemento dunha campaña conxunta de comunicación e da posta en valor da ría do Burgo e a bacía do río Mero.
- ▶ Conectividade peonil e ciclable dos diferentes espazos naturais protexidos a través da ría do Burgo e bacía do río Mero. Xaneiro 2019

▪ **ORGANIZACIÓN DA MESA:**

- **COMPOSICIÓN:**

CONCELLO	Mesa Recuperación Ambiental Ría Burgo e bacía do río Mero
<b>A CORUÑA</b>	- María García, concelleira de Medio Ambiente - Juan José Pernas, xefe de Servizo de Medio Ambiente - Verónica Campos, asesora de Medio Ambiente
<b>ABEGONDO</b>	- Gustavo Quindimil Gómez, concelleiro de Desenvolvemento Sostible e Medio Ambiente. - M <sup>a</sup> Carmen Iglesias Iglesias, técnica de Medio Ambiente
<b>ARTEIXO</b>	-
<b>BERGONDO</b>	-
<b>BETANZOS</b>	-
<b>CAMBRE</b>	- Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente - José Agustín Barca Cotelo, xefe da Sección de Planeamento e Xestión (arquitecto municipal)
<b>CARRAL</b>	-
<b>CULLEREDO</b>	- Beatriz Golán Pardo, enxeñeira Técnico Agrícola - José Ramón Rioboo, concelleiro de Seguridade Cidadá e Medio Ambiente

- OLEIROS** - Rodrigo López Piquín, concelleiro de Obras Públicas e Medio Ambiente
- SADA** - Marcos Villar, concelleiro de Cultura e Praias
- Lois Suárez Becerra, concelleiro de Medio Ambiente

## OUTROS

- ▶ Proponse integrar nas reunións técnicas desta Mesa de traballo de Recuperación Ambiental e Biodiversidade da ría do Burgo e da bacía do río Mero os responsables técnicos da *Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo* naquelas reunións na que os e as integrantes o consideren pertinente.

### - COORDINACIÓN:

- ▶ Encoméndaselle o labor de coordinación e secretaría técnica da Mesa ao/á representante do Concello de Culleredo e suplentes ao/á representante do Concello da Coruña.
- ▶ Esta encomenda realizarase en colaboración, sintonía e coherencia co resto das mesas establecidas.

### - RÉXIME DE FUNCIONAMENTO:

A Mesa de Traballo de Recuperación Ambiental e Biodiversidade da ría do Burgo e da bacía do río Mero reunirse en función dos obxectivos de traballo e calendario aprobado nela.

A persoa coordinadora e secretaría técnica, ou no seu defecto a suplente, convocará a súa xuntanza segundo a necesidade e o seguimento das accións requiran, enviando cunha antelación suficiente a orde do día, hora e lugar da xuntanza, logo da previa comunicación ao equipo coordinador da Estratexia Metropolitana para os efectos de cadrar as axendas da realización de mesas.

Igualmente elevará a acta dos acordos tomados e vindeiros pasos que serán reenviados a todas as persoas integrantes dela. Os documentos finais (actas, informes, proxectos etc.) serán trasladados ao equipo de coordinación da Estratexia Metropolitana para o seu tratamento cara á Asemblea de Alcaldes/a.

A Mesa de Traballo de Recuperación Ambiental e Biodiversidade da ría do Burgo e da bacía do río Mero está composta polos representantes políticos e técnicos dos diferentes concellos designados. A participación dos diferentes perfís de compoñentes en cada unha das xuntanzas será en función do carácter dos asuntos da orde do día que se van tratar.



### DOCUMENTO 3. COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN DE POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL: PLANEAMENTO URBANÍSTICO E NOS SERVIZOS DE TRANSPORTE E MOBILIDADE

#### MESA PARA A COORDINACIÓN DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO

---

▪ **POSICIONAMENTO:**

- ▶ A Área da Coruña ten por diante grandes retos en relación coa racional utilización do territorio e dos seus recursos e en relación co hábitat e coa mobilidade urbana sostible, que pasan por entendelos dende a ordenación supramunicipal do territorio e a preservación do medio ambiente de maneira conxunta.
- ▶ A área metropolitana será máis sostible se todos os plans se canalizan nunha estratexia conxunta e coherente na que haberá que determinar as condicións óptimas do hábitat que aseguren ademais o equilibrio entre tránsito rodado, peonil e a sustentabilidade ambiental.
- ▶ Rexerá o principio de autosuficiencia enerxética e de consumo responsable dos recursos naturais e enerxéticos da área metropolitana. Primarase a rehabilitación e a rexeneración urbana.
- ▶ Acordaranse estratexias comúns para o desenvolvemento dun documento de directrices de ordenación do territorio na área metropolitana.
- ▶ A cidadanía participará directamente na planificación e produción dos espazos nos que se desenvolve a vida a través do urbanismo participativo e reconquistará para o uso público espazos degradados ou privatizados a través da produción social do hábitat e da coprodución de políticas públicas.

▪ **OBXECTIVOS DE ACCIÓN MANCOMUNADA:**

- ▶ Desde o planeamento urbano introducíranse conceptos como a conservación da memoria, o patrimonio cultural e ambiental da cidade e o reforzo das canles para o desenvolvemento da vida das persoas.
- ▶ O modelo do consumo estará ligado ao modelo de mobilidade que favorecerá o paseo peonil; isto leva tamén a garantía da rexeneración do tecido residencial existente.
- ▶ Equilibraranse os estándares de dotación dende unha perspectiva de área metropolitana.



- ▶ Dotaranse de coherencia os instrumentos dos diferentes planeamentos (clasificación, usos do solo...) nas zonas de encontro dos límites municipais.
- ▶ Desenvolveranse ferramentas de participación cidadá na xestión cidadá a través de formas directas e representativas.
- **PROPOSTA DE ACCIÓN COORDINADA (PLAN DE ACCIÓN):**
  - ▶ Establecemento duns principios e criterios básicos de ordenación territorial para o conxunto da área metropolitana da Coruña que sirvan de inicio de actuacións coordinadas de planeamento urbanístico, que se definirán nos futuros PTI (plans territoriais integrados ou outros instrumentos supramunicipais de ordenación territorial) e nas futuras directrices de ordenación do territorio.
  - ▶ Establecemento de actuacións coordinadas que faciliten a articulación da análise do territorio e a planificación territorial. Coordinación de voos para restitucións cartográficas, restitución a escala metropolitana, ortofoto metropolitana etc.
  - ▶ Deseño dun plan metropolitano integral de transporte e mobilidade orientado a resolver os problemas da cidadanía, sostible, respectuoso co medio e favorecedor do uso do transporte público.
- **FITOS PRINCIPAIS E CALENDARIO:**
  - ▶ Elaboración de principios e criterios básicos de ordenación territorial da Área Metropolitana. Xuño 2017.
  - ▶ Facilitar soporte para a consecución dos fitos sinalados no resto das Mesas da Estratexia Metropolitana de xeito que se fagan viables os contidos e obxectivos destas.
  - ▶ Plan de Infraestruturas e Equipamentos vinculados ao Plan Metropolitano de Mobilidade e Transporte. Novembro 2018.
- **ORGANIZACIÓN DA MESA:**
  - a) COMPOSICIÓN:



CONCELLO	Mesa de Coordinación do Planeamento Urbanístico
<b>A CORUÑA</b>	- Xiao Varela, concelleiro de Rexeneración Urbana - Juan Carlos Prado del Valle, xefe de Servizo de Planeamento - Concepción García, asesora de Rexeneración Urbana
<b>ABEGONDO</b>	- Alberto Seoane Brandariz, concelleiro de Infraestruturas e Urbanismo - Luis Díaz Díaz, arquitecto
<b>ARTEIXO</b>	- Alberto Castro, concelleiro de Urbanismo
<b>BERGONDO</b>	- Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa - Roberto Chao Gavilán, arquitecto municipal - José Ramón García Vázquez, alcalde
<b>BETANZOS</b>	- Antonio Vázquez Lorenzo, concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente - Marta Porca Vidal, arquitecta municipal
<b>CAMBRE</b>	- Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente - José Agustín Barca Cotelo, xefe da Sección de Planeamento e Xestión (arquitecto municipal)
<b>CARRAL</b>	
<b>CULLEREDO</b>	- Diego Antonio Taibo Monelos, concelleiro de Urbanismo - Ricardo Pérez Rodríguez, arquitecto municipal
<b>OLEIROS</b>	- María José Varela Neira - Marta Bosch Pibernat, coordinadora do Departamento de Urbanismo
<b>SADA</b>	- Francisco Montouto, concelleiro de Urbanismo - Carlos Pérez, asesor xurídico

b) COORDINACIÓN:

- ▶ Encoméndase o labor de coordinación e secretaría técnica da Mesa ao/á representante do Concello de Oleiros e suplente ao/á representante do Concello de Cambre.
- ▶ Esta encomenda realizarase en colaboración, sintonía e coherencia co resto das mesas establecidas.

c) RÉXIME DE FUNCIONAMENTO:

A Mesa de Traballo para a Coordinación do Planeamento Urbanístico reunirse en función dos obxectivos de traballo e calendario aprobado nela.

A persoa coordinadora e secretaría técnica, ou no seu defecto a suplente, convocará a súa xuntanza segundo a necesidade e o seguimento das accións requiran, enviando cunha antelación suficiente a orde do día, hora e lugar da xuntanza, logo da previa comunicación ao equipo coordinador da Estratexia Metropolitana para os efectos de cadrar as axendas da realización de Mesas.



Igualmente elevará a acta dos acordos tomados e vindeiros pasos que serán reenviados a todas as persoas integrantes dela. Os documentos finais (actas, informes, proxectos etc.) serán trasladados ao equipo de coordinación da Estratexia Metropolitana para o seu tratamento cara á Asemblea de Alcaldes/a.

A Mesa de Traballo para a Coordinación do Planeamento Urbanístico está composta polos representantes políticos e técnicos dos diferentes concellos designados. A participación dos diferentes perfís de compoñentes en cada unha das xuntanzas será en función do carácter dos asuntos da orde do día que se van tratar.

## MESA DO PLAN INTEGRAL METROPOLITANO DE TRANSPORTE E MOBILIDADE

### ▪ POSICIONAMENTO:

- A área metropolitana será máis sostible se todos os plans se canalizan nunha estratexia coherente na que haberá que determinar as condicións óptimas de circulación que aseguren o equilibrio entre tránsito rodado, peonil e sostenibilidade ambiental.
- A promoción dos percorridos peonís e ciclables, a intermodalidade e a prevalencia do transporte colectivo público fronte ao uso indiscriminado do vehículo privado serán claves.
- Neste sentido, entendemos que o apoio á nova Estación Intermodal e a posta en uso do transporte de proximidade de San Diego han de ser preferentes. A intermodalidade, ou o uso de máis dun medio de transporte en cada traxecto por parte da persoa usuaria, será clave á hora de alcanzar un sistema de mobilidade sustentable que reduza as emisións de CO<sub>2</sub> e sexa un factor de implementación na calidade urbana. Intermodalidade e uso preferente do transporte público a escala metropolitana, de maneira que a conexión co resto de municipios limítrofes sexa abordada de maneira solidaria e coordinada.
- Apostamos pola potenciación do estudo e da implementación de liñas de penetración multidireccionais e pola localización de intercambiadores.
- Apostamos pola coordinación do transporte metropolitano baseado na potenciación do transporte en malla e pola comunicación interparroquial non pendular.
- Sinalamos como momento de reto e oportunidade para a correcta planificación do transporte público e da mobilidade intermunicipal os calendarios de remates concesionais do transporte da cidade da Coruña e das liñas de transporte metropolitano.



▪ **OBXECTIVOS DE ACCIÓN MANCOMUNADA:**

- ▶ As solucións de mobilidade non deben limitarse ao deseño de solucións dixitais de acceso á información. O obxectivo final non pode ser chegar o máis rápido posible dun punto a outro, senón acadar o equilibrio entre tempos de percorrido, a calidade do tempo empregado, o consumo de enerxía e a salubridade urbana resultante.
- ▶ Categorizar a mobilidade dende a raíz: o tránsito de persoas e o transporte motorizado, comparando sobre eles o modo e o grao en que cada tipo de circulación inflúe na organización territorial, na distribución espacial do tecido social e no tempo dispoñible para as relacións humanas.
- ▶ A mobilidade debe ser pensada, en definitiva, para a mellora da vida das persoas dende o uso responsable dos medios de transporte.
- ▶ Transitar cara á conformación dunha autoridade única de transporte.
- ▶ Proceder á reestruturación de liñas urbanas e metropolitanas.

▪ **PROPOSTA DE ACCIÓN COORDINADA (PLAN DE ACCIÓN):**

- ▶ Deseño dun plan metropolitano integral de transporte e mobilidade orientado a resolver os problemas da cidadanía, sostible, respectuoso co medio e favorecedor do uso do transporte público.

▪ **FITOS PRINCIPAIS E CALENDARIO:**

- ▶ Elaboración dun PMUS metropolitano que contemple integralmente a utilización das rías como infraestrutura de transporte, o ferrocarril, o transporte de demanda, os aparcadoiros disuasorios e intercambiadores. Decembro 2017.
- ▶ Plan de Viabilidade económica e técnica de impacto do ferrocarril no transporte público.
- ▶ Negociación coa Xunta de Galicia sobre pregos concesionais do transporte metropolitano.

▪ **ORGANIZACIÓN DA MESA:**

- a) COMPOSICIÓN:



CONCELLO	Plan Integral Metropolitano Transporte e Mobilidade
<b>A CORUÑA</b>	- Daniel Díaz Grandío, concelleiro de Mobilidade Sostible - Juan Antonio López, xefe da Unidade de Circulación - Francisca Bestilleiro Roel, concelleira de Formación, Emprego e Seguridade Cidadá
<b>ABEGONDO</b>	- M <sup>a</sup> Carmen Iglesias Iglesias, técnica de Medio Ambiente
<b>ARTEIXO</b>	- Carlos Calvelo Martínez, alcalde
<b>BERGONDO</b>	- Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa - Roberto Chao Gavilán, arquitecto municipal
<b>BETANZOS</b>	- José Ramón García Vázquez, alcalde - Antonio Vázquez Lorenzo, concelleiro de urbanismo e Medio Ambiente
<b>CAMBRE</b>	- Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente - Óscar Souto Muiño, xefe da Sección de Servizos (Enxeñeiro de Camiños municipal)
<b>CARRAL</b>	
<b>CULLEREDO</b>	- Marta Figueroa Fuentes, concelleira de Persoal e Novas Tecnoloxías - Javier Varela Tejedor, xefe do Gabinete Técnico
<b>OLEIROS</b>	- María José Varela Neira, concelleira de Interior, Seguridade Cidadá, Urbanismo e Facenda - Marta Bosch Pibernat, coordinadora do Departamento de Urbanismo
<b>SADA</b>	- Óscar Benito Portela, alcalde - Liss Suárez Becerra, concelleiro de Medio Ambiente

b) COORDINACIÓN:

- ▶ Encoméndase o labor de coordinación e secretaría técnica da Mesa ao/á representante do Concello de Culleredo e suplentes ao/á representante do Concello de Abegondo.
- ▶ Esta encomenda realizarase en colaboración, sintonía e coherencia co resto das mesas establecidas.

c) RÉXIME DE FUNCIONAMENTO:

A Mesa de Traballo do Plan Integral Metropolitano de Transporte e Mobilidade reunirse en función dos obxectivos de traballo e calendario aprobado nela.

A persoa coordinadora e secretaría técnica, ou no seu defecto a suplente, convocará a súa xuntanza segundo a necesidade e o seguimento das accións requiran, enviando cunha antelación suficiente a orde do día, hora e lugar da xuntanza, logo da previa comunicación ao equipo coordinador da Estratexia Metropolitana para os efectos de cadrar as axendas da realización de Mesas.

Igualmente elevará a acta dos acordos tomados e vindeiros pasos que serán reenviados a todas as persoas integrantes dela. Os documentos finais (actas, informes, proxectos etc.) serán trasladados ao equipo de coordinación da Estratexia Metropolitana para o seu tratamento cara á Asemblea de Alcaldes/a.

A Mesa de Traballo do Plan Integral Metropolitano de Transporte e Mobilidade está composta polos representantes políticos e técnicos dos diferentes concellos designados. A participación dos diferentes perfís de compoñentes en cada unha das xuntanzas será en función do carácter dos asuntos da orde do día que se van tratar.

#### DOCUMENTO 4. XESTIÓN DE SERVIZOS: UN ENFOQUE METROPOLITANO

##### MESA DA XESTIÓN INTEGRAL DOS RESIDUOS URBANOS

- **POSICIONAMENTO:**
- ▶ Abórdase este punto a partir do subliñado na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que recoñece no seu articulado a posibilidade de crear, mediante lei do Parlamento de Galicia, áreas metropolitanas “integradas polos municipios onde existan grandes aglomeracións urbanas e cando entre os seus núcleos de poboación haxa vinculacións económicas e sociais que fagan precisas a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras”.
- ▶ Asíumese colectivamente que a devandita planificación e coordinación de servizos e obras debe integrarse na configuración xurídico-institucional da área metropolitana, o cal non impide que por parte dos concellos da área se poida ir avanzando nesa perspectiva de coordinación e integración supramunicipal de servizos, en especial en relación co ciclo ambiental da auga e os seus instrumentos de xestión (Emalcsa, Edar-Bens) así como respecto do tratamento e xestión de residuos (planta de Nostián).
- ▶ Con respecto a esta última, considérase que cómpre avanzar cara a estratexias de prevención, recollida e xestión de residuos compartidas entre os concellos, dende a concepción integral da xestión destes, abordando dende a súa separación en orixe ata a súa eliminación final, e apostando pola minimización de residuos e “Estratexias de Residuo Cero”.



- ▶ Considérase que as novas estratexias no marco da planificación conxunta destes servizos teñen a obriga de deseñarse segundo as directrices do “Plan de acción da UE para a Economía Circular” de decembro de 2015, que determina entre outros, os obxectivos de redución e valorización dos residuos das vindeiras décadas, enfatizando na procura de novas liñas da súa reutilización.
  
- ▶ Nesta liña, refórzase a aposta pola recollida e o tratamento diferenciado da fracción orgánica como alicerce fundamental do modelo de xestión, valoración en orixe, e fornecendo igualmente as segregacións dos outros materiais, imprescindibles para a súa recuperación e valorización.
  
- **OBXECTIVOS DE ACCIÓN MANCOMUNADA:**
  
- ▶ Asumir un compromiso real coa sustentabilidade, ambiental, económica e social.
  
- ▶ Avaliación, análise e, se é o caso, adopción de medidas coordinadas a nivel de área metropolitana en relación cos servizos de interese común, en especial os relativos ao ciclo ambiental da auga e ao tratamento e xestión de residuos.
  
- ▶ Determinar unha fórmula de colaboración intermunicipal para a xestión de residuos como por exemplo a creación dunha sociedade pública ou mediante convenio de colaboración, ou outras fórmulas.
  
- ▶ Planificación conxunta da xestión dos residuos de acordo coa regulación comunitaria sobre economía circular que establece:
  - Aumentar como mínimo ata un 50% global do seu peso a preparación para a reutilización e a reciclaxe de residuos de materiais tales como, polo menos, o papel, os metais, o plástico e o vidro dos residuos domésticos de aquí ao 2020.
  
  - Alcanzar o obxectivo do reciclado do 60% de residuos municipais de aquí ao 2025 e do 65% en 2030.
  
  - Conseguir o reciclado do 75% dos residuos de envases de aquí a 2030.
  
  - Limitar gradualmente os vertidos de residuos municipais ao 10% de aquí a 2030.
  
- ▶ Solicitude conxunta de medios ás administracións autonómica e estatal para os necesarios investimentos para mellorar a xestión de residuos na comarca, dende a prevención e tratamento, ata accións de comunicación e educación ambiental segundo recolle a actualización do PXRUG 2010-2020 (xullo 2014).
  
- ▶ Colaboración na obtención de financiamento comunitario con cargo a Horizonte 2020 e aos Fondos Estruturais e abrir liñas de investigación conxuntas.



- ▶ Avaliar estratexias de xestión descentralizada dos residuos.
- ▶ Fomentar a xeración de emprego vinculado á xestión dos residuos, procurando fórmulas que permitan compaxinar a promoción de actividades de reutilización, en particular respecto de aparatos eléctricos, téxtiles e mobles..., coa colaboración de entidades sen ánimo de lucro, de modo que se permita o desenvolvemento conxunto de proxectos de inserción social de persoas en situación de exclusión.
- **PROPOSTA DE ACCIÓN COORDINADA (PLAN DE ACCIÓN):**
- ▶ Resolver, con perspectiva metropolitana, a problemática derivada da recollida, transporte, tratamento e xestión dos residuos urbanos.
- ▶ Formular propostas tendentes á progresiva dimensión metropolitana dos servizos públicos e da xestión territorial da área da Coruña.
- ▶ Determinación da fórmula legal de colaboración intermunicipal para a xestión do tratamento de residuos.
- ▶ Auditoría do estado técnico da Planta de Tratamento de Residuos Urbanos de Nostión para avaliar o seu funcionamento actual, e os investimentos necesarios para acadar os novos obxectivos que establece a lexislación europea.
- ▶ Elaborar información sobre a situación de partida da xestión de residuos municipais, particularmente sobre o nivel de reutilización e reciclado de residuos municipais para cada tipo de residuo (orgánico, inorgánico, papel, vidro, pilas, aceites); volume de rexeitamento destinado a vertedoiro; custos derivados da súa xestión, e a súa relación coas diferentes tipoloxías urbanas no territorio.
- ▶ Deseño dun Plan Comarcal de Xestión de Residuos e que incida nos aspectos que determina as directrices de Economía circular, nomeadamente:
  - Deseñar estratexias conxuntas para a mellora do tratamento dos bioresiduos como: Fomento da compostaxe doméstica e comunitaria con especial atención aos lugares de menor densidade de poboación.
    - Avaliar opcións alternativas de tratamento de residuo descentralizado (Ex.: residuos orgánicos domiciliarios, podas...)
    - Fomento da compostaxe comunitaria en centros de especial relevancia como produtores e como divulgadores de boas prácticas como centros educativos, residencias da terceira idade , mercados municipais etc.
  - Avaliar estratexias que fomenten a prevención de residuos en grandes produtores e unha mellora da separación como:



- Recollida e separación específica para grandes produtores como comercio, hostalería, naquelas zonas do territorio de maior concentración, nomeadamente na Coruña e outras áreas de interese.
- Tender á utilización de incentivos económicos, especialmente mediante a revisión do sistema de taxas, para reducir o volume de residuos e mellorar a separación, nestes grandes produtores.
- Analizar a viabilidade de estratexias de Residuo Cero e de experiencias piloto de métodos que como o pago por xeración, recollidas porta a porta, sistemas de rotura de anonimato etc. que se consideren oportunos.
- Deseño conxunto de campañas de comunicación e educación ambiental, con especial énfase nas accións de participación cidadá, orientadas a unha maior resiliencia e adaptabilidade aos cambios nas persoas usuarias.
- Estudo das posibilidades de xeración de emprego en persoas con risco de exclusión social a través de proxectos de colaboración con entidades de acción social que incidan en estratexias de reutilización, para a recollida, e/ou reparación de residuos como aceite, mobles, electrodomésticos etc.
- Análise conxunta das alternativas de procura de financiamento europeo.
- Estudar estratexias conxuntas de prevención e redución de residuos.
- **FITOS PRINCIPAIS E CALENDARIO:**
  - Documento de auditoría do funcionamento da Planta de Tratamento de Nostión, especialmente no relativo aos rendementos da compostaxe, a reciclaxe e as necesidades de investimento. Período de desenvolvemento xuño 2016 - decembro 2017
  - Definición da fórmula xurídica que permita a xestión conxunta da Planta de Tratamento de Residuos Urbanos de Nostión e, se é o caso, doutras fases previas na súa xestión integral. Xuño 2017
  - Auditoría da situación actual da caracterización de residuos, xunto coa análise da disposición urbana, localización de grandes produtores e a súa caracterización etc. Decembro 2017
  - Plan Comarcal de Xestión de Residuos. Decembro 2018
  - Posta en marcha de incentivos á corresponsabilidade na xestión dos residuos. Decembro 2018
  - Proxectos de xeración de economía social e inserción laboral vinculadas á xestión de residuos. Outubro 2017



- ▶ Posta en marcha de proxectos piloto para a xestión diferenciada dos residuos no territorio: compostaxe caseira e doméstica, programas de xestión de restos de poda etc. 2016-2018
- ▶ Implantación das recollidas específicas con grandes produtores nas zonas que se consideren prioritarias. 2016 – 2017
- ▶ Plan de comunicación e participación conxunta para diferentes sectores sociais, centros educativos etc.

▪ **ORGANIZACIÓN DA MESA:**

a) **COMPOSICIÓN:**

CONCELLO	Mesa da Xestión Integral dos Residuos Urbanos
<b>A CORUÑA</b>	- María García, concelleira de Medio Ambiente - Verónica Campos, asesora de Medio Ambiente - Juan José Pernas, xefe de Servizo de Medio Ambiente - Gustavo Quindimil Gómez, concelleiro de Desenvolvemento Sostible e Medio Ambiente
<b>ABEGONDO</b>	- Carlos Ameijenda Mosquera, técnico enxeñeiro agrónomo
<b>ARTEIXO</b>	- José Ramón Amado de la Fuente, concelleiro de Obras e Servizos Municipais
<b>BERGONDO</b>	- Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa - Juan Carlos Gómez Pérez, arquitecto técnico municipal
<b>BETANZOS</b>	- José Ramón García Vázquez, alcalde - Diego Fernández López, concelleiro de Servizos
<b>CAMBRE</b>	- Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente - Óscar Souto Muiño, xefe de Sección de Servizos (enxeñeiro municipal)
<b>CARRAL</b>	
<b>CULLEREDO</b>	- José Ramón Rioboo, concelleiro de Seguridade Cidadá e Medio Ambiente - Javier Varela Tejedor, xefe do Gabinete Técnico
<b>OLEIROS</b>	- Rodrigo López Piquín, concelleiro de Obras Públicas e Medio Ambiente
<b>SADA</b>	- Óscar Benito Portela, alcalde - Liss Suárez Becerra, concelleiro de Medio Ambiente
<b>CONSORCIO DAS MARIÑAS</b>	- Miguel Ángel Sandar Picado, xerente - Inés Peleteiro López, coordinadora de Medio Ambiente

b) **COORDINACIÓN**

- ▶ Encoméndase o labor de coordinación e secretaría técnica de xeito compartido da Mesa aos representantes do Concello da Coruña e do Consortio das Mariñas.
- ▶ Esta encomenda realizarase en colaboración, sintonía e coherencia co resto das mesas establecidas.



c) REXIME DE FUNCIONAMENTO:

A Mesa de Traballo da Xestión Integral dos Residuos reunirase en función dos obxectivos de traballo e calendario aprobado nela.

A persoa coordinadora e secretaria técnica, ou no seu defecto a suplente, convocará a súa xuntanza segundo a necesidade e o seguimento das accións requiran, enviando cunha antelación suficiente a orde do día, hora e lugar da xuntanza, logo da previa comunicación ao equipo coordinador da Estratexia Metropolitana para os efectos de cadrar as axendas da realización de Mesas.

Igualmente elevará a acta dos acordos tomados e vindeiros pasos que serán reenviados a todas as persoas integrantes dela. Os documentos finais (actas, informes, proxectos, etc.) serán trasladados ao equipo de coordinación da Estratexia Metropolitana para o seu tratamento cara á Asemblea de Alcaldes/a.

A Mesa de Traballo da Xestión Integral dos Residuos está composta polos representantes políticos e técnicos dos diferentes concellos designados. A participación dos diferentes perfís de compoñentes en cada unha das xuntanzas será en función do carácter dos asuntos da orde do día que se van tratar.

## **MESA DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA**

▪ **POSICIONAMENTO:**

O ciclo integral da auga constitúe o interese xeral da cidadanía da área metropolitana, e é a prestación dun servizo obrigatorio para todos os seus concellos.

Dentro do ciclo integral da auga, destacamos a subministración de auga potable, o sistema de saneamento e a posterior depuración de augas residuais.

Ponse de manifesto a necesidade en cada un dos pasos, dende a captación de augas ata a depuración, de obter unha auga de calidade e devolvela ao medio tamén con calidade, cumprindo as distintas normativas e regulamentos obrigatorios.

A subministración de auga aos concellos da Coruña, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada provén do encoro de Cecebre, concas dos Ríos Mero e Barcés. Abegondo abastécese do seu propio encoro.

A auga trátase na súa maioría na Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) da Telva e Cañás.

Dende a ETAP distribúese en “alta” a todos os concellos, nun sistema de abastecemento interconectado e do que é necesario dimensionar, estudar modelos hidráulicos e manter, tanto en depósitos como bombeos e tubaxes de gran dimensión.

Mediante o acordo unánime do Consorcio, realizouse o Plan Estratéxico de Abastecemento da Coruña e todos os concellos fornecidos dende Cecebre – ETAP da Telva.

Durante os últimos anos fóronse desenvolvendo investimentos estratéxicos co fin de executar o devandito plan, adecuado ás futuras demandas de cada concello nun horizonte de 50-75 anos. (Poboación, desenvolvementos urbanos, industriais...)

Poranse a disposición de todos os integrantes a copia e os datos do desenvolvemento do Plan Estratéxico de Abastecemento e cantos estudos ou análises fosen necesarios.

▪ **OBXECTIVOS DE ACCIÓN MANCOMUNADA:**

- ▶ Estudar e analizar a execución do Plan Estratéxico de Abastecemento.
- ▶ Garantir a subministración de auga suficiente coa calidade requirida.
- ▶ Protección das masas de auga.
- ▶ Estudar e analizar o sistema de saneamento dos concellos. Regulación.
- ▶ Posición conxunta en investimentos e financiamento.
- ▶ Obxectivo Directiva Marco da auga. Seguimento do traballo efectuado no seo da FEGAMP.
- ▶ Plan de Accións e Normas conxuntas en caso de Emerxencias (secas e outros).
- ▶ Contribuír á conectividade do encoro con outros espazos naturais da contorna e promover o turismo sostible nestes espazos.
- ▶ Procurar vías de financiamento e investigación baseadas noutras experiencias nacionais e internacionais.
- ▶ Avanzar na xestión en común do Servizo de abastecemento de auga.

▪ **PROPOSTA DE ACCIÓN COORDINADA (PLAN DE ACCIÓN):**

## Deseño e posta en marcha de accións en tres liñas de actuación

### A) ABASTECIMIENTO

- ▶ Actualización do Plan Estratégico. Análise das infraestruturas executadas e infraestruturas para realizar e especial referencia ao ciclo integral da auga no ámbito rural.
- ▶ Mantemento e control de infraestruturas.
- ▶ Proxecto Meirama.

### B) CALIDADE DAS AUGAS

- ▶ Establecemento dunha figura de protección e vixilancia.
- ▶ Promover accións conxuntas para garantir a calidade das augas, iniciadas con proxectos como os Life.
- ▶ Accións coordinadas de participación, educación e comunicación ambiental sobre os valores naturais dos encoros tanto para a comunidade educativa, poboación local como a visitantes destes espazos.

### C) SANEAMENTO

- ▶ Desenvolver unha estratexia común para garantir o correcto saneamento, paso previo á correcta depuración de augas e devolución ao medio.
- ▶ Estudo de necesidades, rede, tanques de tormenta...
- ▶ Captación de fondos e proxectos europeos, autonómicos ou estatais.

#### ▪ FITOS PRINCIPAIS E CALENDARIO:

- ▶ Actualización do Plan Estratégico. Análise das infraestruturas executadas e infraestruturas para realizar e especial referencia ao ciclo integral da auga no ámbito rural.
- ▶ Identificación e inventariado das infraestruturas de auga en alta.

#### ▪ ORGANIZACIÓN DA MESA:

- a) COMPOSICIÓN:



CONCELLO	Mesa da Xestión do Ciclo Integral da Auga
<b>A CORUÑA</b>	- Xulio Ferreiro Baamonde, alcalde - Iago Martínez, xefe de Gabinete de Alcaldía
<b>ABEGONDO</b>	- Luís Freire Pérez de Juan, concelleiro de Educación e Cultura - Carlos Ameijenda Mosquera, técnico enxeñeiro agrónomo
<b>ARTEIXO</b>	- José Ramón Amado de la Fuente, concelleiro de Obras e Servizos Municipais
<b>BERGONDO</b>	- Francisco Javier Santos Maseda, concelleiro de Infraestruturas, Medio Ambiente e Vías e Obras - Juan Carlos Gómez Pérez, arquitecto técnico municipal
<b>BETANZOS</b>	- José Ramón García Vázquez, alcalde - Antonio Vázquez Lorenzo, concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente - Teresa Perales Teijo, arquitecto técnico municipal
<b>CAMBRE</b>	- Óscar García Patiño, alcalde - Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente
<b>CARRAL</b>	- José Luis Fernández Mouriño, alcalde
<b>CULLEREDO</b>	- Julio Sancristán de Diego, alcalde - José Ramón Rioboo, concelleiro de Seguridade Cidadá e Medio Ambiente - Roberto Babío Fernández, xefe de Servizo de Patrimonio e Contratación
<b>OLEIROS</b>	- Ángel García Seoane, alcalde - Sandra Pérez Mosquera, enxeñeira de Camiños, Canais e Portos
<b>SADA</b>	- Óscar Benito Portela, alcalde
<b>CONSORCIO DAS MARIÑAS</b>	- Miguel Tenreiro, concelleiro de Obras e Servizos - Miguel Ángel Sandar Picado, xerente - Jesús Enrique Moreno Fernández, técnico de Medio Ambiente
<b>EMALCSA</b>	- Jaime Castiñeira, director xeral
<b>EDAR BENS</b>	- Carlos Lamora, director xeral

### OUTROS

- ▶ Proponse integrar nas reunións técnicas desta Mesa de traballo a Augas de Galicia naquelas reunións na que os integrantes o consideren pertinente.

#### - COORDINACIÓN:

- ▶ Encoméndase o labor de coordinación e secretaría técnica da Mesa ao/á representante de EMALCSA e suplente ao/á representante do Concello de Abegondo.



- ▶ Esta encomenda realizarase en colaboración, sintonía e coherencia co resto das mesas establecidas.

- RÉXIME DE FUNCIONAMENTO:

A Mesa de Traballo do Ciclo Integral da Auga reunirse en función dos obxectivos de traballo e calendario aprobado nela.

A persoa coordinadora e secretaria técnica, ou no seu defecto a suplente, convocará a súa xuntanza segundo a necesidade e o seguimento das accións requiran, enviando cunha antelación suficiente a orde do día, hora e lugar da xuntanza, logo da previa comunicación ao equipo coordinador da Estratexia Metropolitana para os efectos de cadrar as axendas da realización de Mesas.

Igualmente elevará a acta dos acordos tomados e vindeiros pasos que serán reenviados a todas as persoas integrantes dela. Os documentos finais (actas, informes, proxectos etc.) serán trasladados ao equipo de coordinación da Estratexia Metropolitana para o seu tratamento cara á Asemblea de Alcaldes/a.

A Mesa de Traballo do Ciclo Integral da Auga está composta polos representantes políticos e técnicos dos diferentes concellos designados. A participación dos diferentes perfís de compoñentes en cada unha das xuntanzas será en función do carácter dos asuntos da orde do día que se van tratar.

## DOCUMENTO 5. ESTRATEXIA DE INNOVACIÓN DA CORUÑA METROPOLITANA

▪ **POSICIONAMENTO:**

- ▶ A Unión Europea alenta os estados membros a propiciar o crecemento intelixente, sostible e integrador. Esta formulación require unha estratexia exhaustiva de innovación europea, tal e como se estableceu no documento “Unión pola Innovación”, publicado en 2010. Na devandita liña a Comisión Europea solicítalles ás autoridades nacionais e rexionais de toda Europa a preparación das súas respectivas estratexias de investigación e innovación para a especialización intelixente.



A Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e de Innovación 2013-2020 (EECTI) constitúe o marco estratéxico para as políticas de I+D+i estatais e autonómicas e é o marco de referencia do POCInt 2014-2020.

No marco de Galicia, os devanditos contidos preséntanse na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (referida como Estratexia RIS3 Galicia).

No ámbito local, o Concello da Coruña dispón dunha Axenda Dixital Local aliñada coas devanditas formulacións e un recoñecemento ou distinción como “Cidade da Ciencia e a Innovación 2012”, derivada das convocatorias creadas respecto diso polo MICINN en 2010.

É de interese municipal coadxuvar a desenvolver unha estratexia de actuación compartida por todos os axentes afectados no ámbito da área metropolitana da Coruña.

- ▶ O Pleno do Concello da Coruña, na sesión ordinaria realizada o día 11 de febreiro de 2016, por unanimidade dos grupos municipais aprobou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Aceptar os Estatutos da ASOCIACIÓN REDE INNPULSO-Rede de Cidades da Ciencia e a Innovación (ARINN).*

*Segundo.- Aprobar a incorporación do Concello da Coruña como membro da asociación”.*

- **OBXECTIVOS DE ACCIÓN MANCOMUNADA:**

- ▶ Renovación da distinción “Cidade da Ciencia e a Innovación”.

- **PROPOSTA DE ACCIÓN MANCOMUNADA:**

- ▶ Elaborar o “Libro Branco da Ciencia e a Innovación da Coruña Metropolitana” (“innovaCM”), para establecer unha estratexia de innovación, con actuacións ben definidas que axuden ao desenvolvemento dunha cultura innovadora e emprendedora en todos os seus ámbitos de actuación.

**B. GRUPO DE TRABAJO PARA A ELABORACIÓN DUNHA ESTRATEXIA DUSI DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA.**

▪ **POSICIONAMENTO:**

- ▶ Finalizado o prazo da primeira convocatoria das estratexias de desenvolvemento urbano sostible constatamos un excelente clima de entendemento e un explícito desexo de traballo en colaboración e estreita cooperación.
- ▶ Valoramos a importancia de que se visualizase esa capacidade de cooperación e colaboración en base á preparación dunha estratexia DUSI que nos permita articular un proxecto común de desenvolvemento metropolitano.
- ▶ Derivado da dispoñibilidade dunha estratexia DUSI, teríamos un conxunto de proxectos que nos colocasen na posibilidade de formalizar diversas candidaturas ante convocatorias de múltiples fondos de financiamento: FEDER, FSE, IDAE, Horizon 2020 etc., fondos e subvencións da AXE, da Xunta de Galicia e/ou da Deputación Provincial etc.

▪ **OBXECTIVOS DE ACCIÓN MANCOMUNADA:**

- ▶ A construción metropolitana require estratexia consensuada e compartida; require proxectos en común, exemplos nos que a cidadanía participe activamente e visualice como se alcanzan acordos políticos de medio e longo prazo (incluso máis aló dos mandatos corporativos).
- ▶ A dispoñibilidade dunha estratexia DUSI é un obxectivo en si mesmo se existe a vontade de acadala e de executala.
- ▶ Unha resultante, a curto prazo, podería ser presentar un "Proxecto Integral de Rexeneración Urbana da contorna litoral da área metropolitana da Coruña". Ese extraordinario patrimonio esténdese ao longo de Betanzos-Bergondo-Sada (na ría de Betanzos-Sada) a Oleiros-Cambre-Culleredo-A Coruña (ribeirás da ría do Burgo) ata Arteixo (unindo Bens e Sabón), podería ser o obxectivo principal dun novo traballo colectivo cuxos beneficiarios son os máis de 417.000 cidadáns e cidadás da Coruña e a súa área metropolitana. Os concellos do interior tamén poderán ter perfecta cabida nesta estratexia, integrando actuacións vinculadas á "Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e as Terras do Mandeo" e ao desenvolvemento de Carral.

▪ **PROPOSTA DE ACCIÓN COORDINADA (PLAN DE ACCIÓN):**

- ▶ Elaboración proxecto EDUSI Metropolitana.
- ▶ Elaboración dun proxecto fundamentado en elementos de rexeneración: zonas verdes, culminar e enlazar paseos litorais, culminar o carril bici metropolitano e rexenerar, con criterios de calidade urbanística, espazos públicos en todas as zonas máis próximas á liña litoral. Cada concello definiría as actuacións no seu propio ámbito territorial e trataríamos de darlles coherencia no marco dunha actuación de carácter conxunto a través das formulacións da EDUSI Metropolitana.

▪ **FITOS PRINCIPAIS E CALENDARIO:**

- ▶ Elaboración proxecto EDUSI Metropolitana. Xullo 2016

▪ **ORGANIZACIÓN DA MESA:**

a) COMPOSICIÓN:

CONCELLO	Grupo de Traballo EDUSI METROPOLITANA
<b>A CORUÑA</b>	- José Manuel Peña Penabad, xefe de Servizo en Alcaldía - Concepción García, asesora de Rexeneración Urbana
<b>ABEGONDO</b>	- Laura Calvo Quintela, concelleira de Asuntos Sociais e Saúde - Adrián Márquez Caramés, secretario
<b>ARTEIXO</b>	- José Ramón Amado de la Fuente, concelleiro de Obras e Servizos Municipais
<b>BERGONDO</b>	- Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa - Roberto Chao Gavilán, arquitecto municipal - José Ramón García Vázquez, alcalde
<b>BETANZOS</b>	- Antonio Vázquez Lorenzo, concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente - Marta Porca Vidal, arquitecta municipal
<b>CAMBRE</b>	- Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente - Agustín Barca Cotelo, xefa da Sección de Planeamento e Xestión
<b>CARRAL</b>	
<b>CULLEREDO</b>	- José Ramón Rioboo Castro, concelleiro de Seguridade Cidadá e Medio Ambiente - Javier Varela Tejedor, xefe de Gabinete Técnico
<b>OLEIROS</b>	- Rodrigo López Piquín, concelleiro de Obras Públicas e Medio Ambiente
<b>SADA</b>	- Francisco Montouto, concelleiro de Urbanismo - Miguel Tenreiro, concelleiro de Obras e Servizos
<b>CONSORCIO DAS MARIÑAS</b>	- Miguel Ángel Sandar Picado, xerente - Mercedes Casanova Díaz, técnica de Comunicación e Proxectos

d) COORDINACIÓN

- ▶ Encoméndase o labor de coordinación e secretaría técnica da Mesa ao/á representante do Concello da Coruña como titular; e ao/á representante do Concello de Cambre como suplente.

- ▶ Esta encomenda realizarase en colaboración, sintonía e coherencia co resto das mesas establecidas.

d) RÉXIME DE FUNCIONAMENTO:

O Grupo de Traballo da Estratexia DUSI Metropolitana reunirase en función dos obxectivos de traballo e calendario aprobado nela.

A persoa coordinadora e secretaria técnica, ou no seu defecto a suplente, convocará a súa xuntanza segundo a necesidade e o seguimento das accións requiran, enviando cunha antelación suficiente a orde do día, hora e lugar da xuntanza, logo da previa comunicación ao equipo coordinador da Estratexia Metropolitana para os efectos de cadrar as axendas da realización de Mesas.

Igualmente elevará a acta dos acordos tomados e vindeiros pasos que serán reenviados a todas as persoas integrantes dela. Os documentos finais (actas, informes, proxectos etc.) serán trasladados ao equipo de coordinación da Estratexia Metropolitana para o seu tratamento cara á Asemblea de Alcaldes/a.

O Grupo de Traballo da Estratexia DUSI Metropolitana está composto polos representantes políticos e técnicos dos diferentes concellos designados. A participación dos diferentes perfís de compoñentes en cada unha das xuntanzas será en función do carácter dos asuntos da orde do día que se van tratar.


Bergondo, Pazo de Mariñán, 21 de abril de 2016.

**O alcalde da Coruña,**



Asdo.: Xulio Ferreiro Baamonde

**O alcalde de Abegondo  
e presidente do Consorcio das Mariñas,**




Asdo.: José Antonio Santiso

**O alcalde de Arteixo,**



Asdo.: Carlos Calvelo Martínez

**A alcaldesa de Bergondo,**



Asdo.: Alejandra Pérez Máquez

O alcalde de Betanzos,

  
Asdo.: José Ramón García Vázquez

O alcalde de Carral,

  
Asdo.: José Luis Fernández Mourinho


O alcalde de Oleiros,

  
Asdo.: Angel García Seoane

O alcalde de Cambre,

  
Asdo.: Óscar García Patiño

O alcalde de Culleredo,

  
Asdo.: Julio Sacristán de Diego

O alcalde de Sada,

  
Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández